

UNHA VOLTA NO TEMPO CON **XAN VEIGA**

# SON CHIST ORIAS

UNHA HOMENAXE  
A 30 ANOS DE  
HUMOR INXENUO...



# O ESPECTÁCULO: “Sonchistorias”

Trinta anos de Xan Veiga enriba dos escenarios...

## Sinopse

"Sonchistorias" é unha homenaxe ó humor inxenuo, á base de toda risa, ó recurso máis empregado por Xan durante 30 anos e que evoca á nostalxia e ó sinxelo pracer de rir: “os chistes”.

Con humor “do noso” e unha perspectiva única, Xan mergúllase nun mar de situacións increíbles, dende desventuras absurdas ata malentendidos hilarantes ou encontros inesperados.

Historias milenarias esfiañadas que son retecidas coas agullas do humor e que se mesturan con chistes contados a modo de historias, levando á audiencia de paseo por unha corredeira chea de xiros e reviravoltas divertidas onde o real e o imaxinario únense de tal xeito que son difíciles de diferenciar.

## PÚBLICO OBXECTIVO E DURACIÓN

O espectáculo está indicado para público maior de 14 anos e a duración do mesmo é de 80-90 minutos.

## XAN VEIGA, humorista

Xan Veiga é humorista, monologuista, conta chistes, conta contos, ventrílocuo, actor, presentador... e non necesariamente nesa orde.

Participou en concursos de televisión tanto a nivel nacional (“**No te rías que es peor**” en TVE) como a nivel autonómico (“**Supermartes**” na TVG) e deuse a coñecer pola súa faceta de conta chistes no programa en directo máis antigo da televisión española (“**Luar**” - TVG). Neste último foi colaborador durante sete anos.

Tamén fixo de co-presentador no programa “*Contando Estrelas*” (TVG) e foi un dos escollidos para a elaboración da cabeceira do programa “*Buscando Estrelas*” (TVG).

No que se refire á disciplina teatral, Xan pertenceu durante anos á compañía de Teatro **Nonhaifallo**, coa que fixo actuacións ó longo de todo o territorio galego con obras tanto para público adulto coma infantil no que tamén utilizaba a ventriloquía nas súas actuacións.

No ano 2011 participou no concurso de monólogos a nivel nacional “**Nosolomonólogos**” acadando o premio ao mellor traballo orixinal entre máis de oitenta participantes.

Alén dos detalles anteriores sobre a súa traxectoria, cómpre dicir que Xan Veiga suma neste 2023 nada máis e nada menos que 30 anos dedicados ao humor. Anos nos que amenizou todo tipo de eventos e nos que levou a escena monólogos “Made in Galicia” por toda a xeografía galega.

# NECESIDADES TÉCNICAS

**-ESCENARIO** CON TARIMA DE DIMENSIONES MÍNIMAS DE 3 METROS DE LONGO POR 2 DE FONDO.

**-MESA DE SON E ALTOFALANTES.**

POTENCIA SUFICIENTE DE SON A PARTIR DE 800-1000 W REVISABLE DEPENDIENDO DE LAS CONDICIONES DE PÚBLICO E PARA ACTUACIONES EN EXTERIORES.

**-MICRÓFONO** DE DIADEMA PREFERENTEMENTE.

OPCIÓN DE MICRO INALÁMBRICO COMO ALTERNATIVA.

**-LUZ** ESTÁNDAR PARA INTERIOR CON FOCO DE ESCENA OPCIONAL.

PARA EXTERIORES VALORAR TAMÉN SEGUNDO O CASO AS NECESIDADES DE LUZ.

# CONTACTO

HERMANAGER PRODUCCIONES



[www.hermanagerproducciones.com](http://www.hermanagerproducciones.com)

Xosé Manuel Fernández Montes / 657014555